



“XOGANDO COA CDU “ CONCURSO DE IDEAS

Na liña de traballo de elaboración de materiais para o profesorado, en apoio do seu labor na dinamización das bibliotecas escolares, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vén de publicar unha versión ILUSTRADA da adaptación da **Clasificación Decimal Universal para bibliotecas escolares** que se realizara a comezos deste programa, no **ano 2004**.

Óscar Villán, ilustrador que xa elaborara outros materiais para a sinalización das bibliotecas escolares, foi o encargado da realización desta CDU ILUSTRADA, que agardamos poida servir de motivación nas actividades de formación de persoas usuarias das bibliotecas escolares.

Con este motivo, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a través da Asesoría de Bibliotecas Escolares convoca un **CONCURSO DE IDEAS** para a **FORMACIÓN DE PERSOAS USUARIAS** inspiradas nesta CDU ILUSTRADA baixo o lema : “Xogando coa CDU”. Bases:

- ❖ Poden participar todos os equipos das bibliotecas da rede de bibliotecas escolares de Galicia.
- ❖ Cada equipo poderá presentar unha única idea/proposta (de materiais funxibles, manipulativos, ou propostas didácticas, actividades interactivas, xogos...)
- ❖ Estas propostas poden ser de tipo analóxico (neste caso deberán ser imprimibles e presentarse en formato PDF, adxuntando nun anexo as instrucións de uso); ou dixitais e multimodais (actividades interactivas, xogos... en cuxo caso deberán poder funcionar on-line, e tamén incluír as instrucións de uso)
- ❖ As propostas deben enviarse mediante o correo electrónico ao seguinte enderezo: asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es con data límite de 23 de novembro.

Darase difusión as ideas e propostas que se presenten e escolleranse un mínimo de 3 que resulten especialmente interesantes pola súa orixinalidade, contido, ou calidade do seu deseño e realización. Estas bibliotecas recibirán un lote de materiais.

Bibliotecas
escolares
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL